



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177 *

PASE Á SITUACIÓN DE CONCELLEIROS NON ADSCRITOS:

De acordo cos Escritos presentados no Rexistro xeral de entrada do Concello de Cambre o día 17 de febreiro de 2011 polos concelleiros don Henrique Xabier Iglesias Oviedo (núm. de rexistro 3382), dona Laura Fernández Martínez (núm. de rexistro 3406), don Antón Otero Domínguez (núm. de rexistro 3407) e dona Gumersinda Becerra Montes (núm. de rexistro 3408), nos que informan que con data 1 de febreiro de 2011 comunicaron á responsable- portavoz comarcal do BNG na Coruña a baixa como militantes da formación política Bloque Nacionalista Galego, e solicitan se dea traslado da dita información á Secretaría Xeral do concello para os efectos previstos no art. 73.3 último parágrafo da Lei 7/1985.


Infórmase que tendo en conta os ditos escritos (e que se deu conta pola secretaria da corporación nas comisións informativas permanentes do día 22 de febreiro de 2011), **os señores concelleiros e concelleiras citados no parágrafo anterior** foron convocados para as comisións informativas que tiveron lugar o 22 de febreiro de 2011, en calidade de concelleiros/-as non adscritos/-as e **pasan á situación de non adscritos desde a data de presentación dos escritos, o día 17 de febreiro de 2011.**

Asemade de acordo co escrito presentado no Rexistro xeral de entrada do Concello de Cambre no día 22 de febreiro de 2011 **por don José Antonio Baamonde López (núm. de rexistro 3596), no que comunica que no propio 22 de febreiro de 2011 abandona o grupo municipal do PP no Concello de Cambre, polo que, dende o dito momento considérase concelleiro non adscrito e solicita que se lle teña como tal, recoñecéndolle os dereitos que lle son propios.**

Pola secretaria da corporación informouse que don José Antonio Baamonde López foi convocado como membro titular da Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo, en representación do grupo municipal do PP, polo que, tendo en conta o escrito presentado, non poderá exercer o seu dereito como tal, **debendo ser convocado, a partir do 22 de febreiro de 2011, como concelleiro non adscrito.**

Cambre, 21 de marzo de 2011.

A Secretaría xeral.

Asdo. 

Asdo. María Luisa de la Red Ampudia